

# *Por mor de nós*

*de Antón Labranha*

Tiña que ir selar o paro. O día estaba demasiado escuro para ser primavera. Sobre o vello poste de piñeiro, do que penduraban os fíos da luz, un papel branco resplandecía. Xa de lonxe, advertín a cruz negra. Quen morrería? O Anselmo e a Isaura da Rega – octoxenarios–. De accidente? Pois non oín nada.

Camiño da parada do bus, o David chamoume dende unha obra. Fóramos xuntos ao instituto. El non a rascaba. Agora traballaba de peón, partindo suores co Timor – romanés– e o Zé –inmenso negro angolano–. Mira ti de canto che valeu a carreira!, berrou –Os outros ollaban, cobizosos do meu folgar.

Para, hostia, que nos matamos! Rocío pisou o freo a fondo. Que carallo fai un carro de vacas na estrada?, menos mal que o ABS funcionou, díxolle a Xil. O seu mozo non respondeu. Xa nunca respondería.

O telexornal deu a nova. Con perfecto acento castelán, o reporteiro entrevistaba en galego a unha testemuña, quen, con perfecto acento galego, contaba en castelán como o coche entrou embalado na curva, derrapou e bateu contra o carro. Cando chegou a ambulancia a rapariga aínda respiraba.

Sentada entre as tañeiras, enriba da herba fresca que viñan de segar, a vella, enloitada – pano á cabeza–, nun acto instintivo de resistencia botou man á gadaña. Chiaron os pneumáticos. O vello, inarme, volveuse. Estrondo. A morte a voar.

Manexa internet? Idiomas? Daquela, preséntese mañá no Centro de Inclusión Social para Inmigrantes.

A autopsia desbotou que o País tivese esmorecido por sobredose de globalización.